



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

INFORME DO COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA SOBRE A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE COMUNICACIÓN EN ADMINISTRACIÓNS E EMPRESAS PÚBLICAS

INTRODUCCIÓN

Nos últimos meses o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) tivo coñecemento da convocatoria de prazas para responsables de prensa, ou similares, en diferentes administracións e empresas públicas que non esixen nin titulación en Xornalismo nin noutras especialidades da comunicación. Os exemplos que abaixo citaremos continúan, por tanto, unha mala práctica, moi asentada, que converte a profesión da comunicación, en xeral, nunha das que maior índice de intrusismo presentan.

O CPXG, creado pola Lei 2/1999, do 24 de febreiro, do Parlamento de Galicia, naceu, entre outras razóns, para acabar con esta situación, que afecta gravemente a aqueles profesionais formados nas universidades ou a aqueles que antes da creación do Colexio tiñan desenvolvido un traballo profesional que acreditaba as súas condicións para realizaren as tarefas relacionadas coa comunicación.

Desde o seu nacemento, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia traballou arreo para evitar estas prácticas de intrusismo en diferentes ámbitos, como o Foro de Organizaciones de Periodistas, ou con iniciativas como o Estatuto do Xornalista que se debate no Congreso dos Deputados.

De seguido analizamos os casos que teñen sido denunciados ante o Colexio, conscientes de que poden ser moitos máis (o Sindicato de Xornalistas ten advertido dunha situación semellante no Concello de Arzúa que non puido contrastar este Colexio) e conscientes de que esta práctica está aínda máis estendida nas empresas de capital privado.

S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

En decembro de 2009 convocou unha praza de responsable de prensa local e outra de relacións públicas e prensa. No primeiro caso, a empresa pública só esixe un título de diplomado universitario, en xeral, cando as únicas titulacións académicas oficiais que avalan ao profesional requerido son as licenciaturas en Xornalismo e en Publicidade e Relacións Públicas.

No segundo caso, esixe unha licenciatura, pero de novo con carácter xeral. Puntúanse, como no caso anterior, as titulacións propias do posto, pero sen esixilas.

O CPXG envioulles cartas ó xerente do Xacobeo e ó conselleiro de Cultura nas que se chamaba a atención sobre esta situación.

Deputación de Ourense

En febreiro de 2009 convocou unha praza para "planificar, organizar e coordina-las actividades de recolección de información, coordina-las pautas periodísticas das distintas actividades que se realicen nas dependencias da Deputación, seleccionar material de información de interese, coordinar arquivos de prensa e fotografía periodística, informar ós distintos medios de comunicación, elaboración de textos técnicos para as publicacións".

A descrición da praza correspóndese de novo cun licenciado en Comunicación, pero a Deputación de Ourense só esixe bacharelato ou formación profesional en segundo grao sen nin sequera puntuar as titulacións que avalan ese exercicio profesional.

O CPXG interpuxo un recurso de reposición contra as bases da convocatoria.

Concello de Tui

En novembro de 2009 convocou unha praza de "axudante de comunicación", para o que tan só require o certificado de escolaridade, e outra de "auxiliar de comunicación-presentador" para o que só esixe o graduado en ESO "ou equivalente".

Como nos casos anteriores, obviáanse as titulacións que avalan que o seu posuidor ten os coñecementos necesarios para desenvolver esas tarefas.

O CPXG envioulle unha carta ó alcalde no que se manifesta o noso "malestar" por esta convocatoria.

Deputación de Lugo

En xuño de 2009 convocou prazas de promoción interna para coordinador de publicidade institucional e para coordinador técnico de información e comunicación. A descrición das funcións do primeiro posto revela un traballo de carácter administrativo. Pola contra, o segundo posto ten outras indicacións como o "deseño de técnicas de información e comunicación" que exceden a función administrativa e que poden entrar de cheo na función dun xornalista.

A convocatoria publicada no BOP non esixe titulación nin para estes nin para outros postos que nada teñen que ver coa comunicación.

O CPXG tivo coñecemento deste caso despois de que rematase o prazo de reclamacións polo que non puido facer ningún requerimento formal. A Deputación de Lugo contestou a este Colexio que as funcións encomendadas aos titulares destas prazas son diferentes ás que fan os xornalistas.

Concello de Culleredo

En marzo de 2010, o Concello de Culleredo publicou no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria de dúas prazas de locutor polo método de concurso oposición para a consolidación de emprego temporal. O Consistorio só esixe a titulación de bacharelato, técnico ou equivalente para optar a esta praza, sen nin sequera puntuar de xeito específico unha titulación universitaria da área da comunicación.

Malia todo, a convocatoria establece unha proba teórica con contidos relacionados coa radiodifusión e que son impartidos nas titulacións de xornalismo.

CONCLUSIÓNS

-Administracións e empresas públicas de Galicia están convocando prazas para as que non esixen as titulacións académicas propias dos postos que se pretenden cubrir. As funcións non poden ser desenvolvidas por calquera que só teña estudos de Bacharelato ou Técnico, ou equivalente, senón que as persoas encargadas destas tarefas teñen que ter unha preparación específica. A esta formación accédese no ámbito específico dos estudos de xornalismo, tal como se recolle no Real Decreto 1428/1991, do 30 de agosto, no que se establece que "as ensinanzas conducentes á obtención do título oficial de Licenciado en Xornalismo deberán proporcionar unha formación especializada no ámbito da elaboración, xestión e difusión da actividade informativa xornalística, nos seus diversos ámbitos temáticos e nos distintos medios de comunicación"

-Administracións e empresas públicas de Galicia, lonxe de loitar contra el, están favorecendo e promocionando o intrusismo profesional.

-Administracións e empresas públicas de Galicia están desprezando o papel doutras institucións, como son as universidades, e o carácter OFICIAL das titulacións que imparten.

-Administracións e empresas públicas de Galicia están menosprezando a Lei 2/1999, do 24 de febreiro, do Parlamento galego pola que foi creado o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, como Corporación de Dereito Público, que nos seus estatutos sinala que só se poderán colexiar aqueles que teñan o título de licenciado en Xornalismo ou Comunicación Audiovisual e que pechou en setembro de 1999 a entrada dos non titulados con exercicio profesional consolidado e acreditado anterior ó propio CPXG.

-A situación antes descrita, especialmente censurable ó tratarse de convocatorias feitas por institucións públicas, afecta gravemente a aqueles profesionais que cursaron os estudos oficiais e que poden acreditar cun título universitario os coñecementos precisos para o desenvolvemento das tarefas do ámbito da comunicación. Os seus intereses persoais e profesionais constrínxense ao ter que competir con persoas que non terían dereito a optar por ese determinado posto, ao non posuír a titulación esixida para realizar esas actividades.

REFLEXIÓNS FINAIS

Se o SERGAS só pedise graduado escolar para ocupar unha praza de médico de atención primaria nun centro de saúde, o escándalo sería maiúsculo, pero como o ámbito é a comunicación pesa máis a falsa idea de que calquera, sexa cal sexa a súa formación, pode desenvolver ese traballo. O grave é que a Administración non só non loite contra esta idea, senón que contribúe a consolidala e ampliála.

Os gabinetes de comunicación e prensa deben ser a ferramenta na que se asente o deber de transparencia inherente á Administración pública. A cuestión non é menor e vai máis alá do obxectivo deste informe: o dereito dos cidadáns á información está amparado polo artigo 20 da Constitución e este dereito queda lesionado se a Administración non actúa con escrupulosa transparencia. Esta obriga depende dunha vontade política, pero logo debe ser aplicada con profesionalidade.

A Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia anima os seus colexiados, e cidadanía en xeral, a informar de casos como os citados anteriormente para que esta Corporación de Dereito Público poida facer as xestións oportunas para evitar máis casos de intrusismo profesional.

O Colexio fai un especial chamamento ás facultades de Comunicación e as universidades para que se sumen a esta protesta na defensa das titulacións que imparten.

O CPXG insta á Administración Pública a cesar con esta práctica e a esixir nas súas convocatorias de prazas as titulacións que oficialmente avalan os coñecementos teóricos e prácticos que demandan.